



**EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN: MELLORA DA MOBILIDADE E
ACCESIBILIDADE EN A PIOLLA. LEREZ**

NÚMERO DE EXPEDIENTE: 2015/NEGOSENOBRAS/000023. 212-431/15.

TRÁMITE: RESOLUCIÓN DE ADXUDICACIÓN

RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO DE CONTRATACIÓN E FACENDA

Examinado o expediente do contrato de obra que se menciona na parte dispositiva deste acordo, resultan relevantes os seguintes feitos:

1. O concelleiro de contratación e facenda aprobou o proxecto para a execución das obras relativas o contrato de obras que se menciona na parte dispositiva deste acordo así como acordou o inicio do expediente de contratación deste contrato.
2. A Xunta de Goberno Local aprobou os pregos de cláusulas administrativas e o expediente de contratación que se menciona na parte dispositiva deste acordo e invitáronse a a 3 empresas capacitadas para a realización do obxecto do contrato.
3. As empresas invitadas, así como de ser o caso, as interesadas, tiñan que formular ofertas iniciais neste procedemento de adxudicación, que serían obxecto de negociación conforme se dispón no prego de cláusulas administrativas particulares.
4. Despois da negociación que se levou a cabo polo órgano de encargado da apertura de documentación e proposta de adxudicación do contrato de obras que se menciona na parte dispositiva deste acordo, propúxose a oferta económica máis vantaxosa polos motivos expostos nos acordos deste órgano, e no seu caso, polos informes técnicos emitidos.
5. Por acordo da Xunta de Goberno Local acordouse requirir a empresa que presentou a oferta economicamente máis vantaxosa para que presentase a documentación determinada no prego de cláusulas administrativas particulares para poder adxudicar o contrato. A entidade requirida que cumpriu debidamente con este requirimento é a que se lle efectúa na presente resolución a adxudicación do contrato que se menciona na parte dispositiva desta resolución.

Fundamentos xurídicos

Primeiro.- Cumpríronse os trámites dispostos no Real Decreto legislativo 3/2011, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público (en adiante TRLCSP), para seleccionar a oferta economicamente máis vantaxosa no contrato que se menciona na parte dispositiva deste acordo, en particular, procedéndose a negociación coas distintas entidades por parte do órgano encargado da apertura de documentación e proposta de adxudicación. De conformidade co artigo 151 do TRLCSP, procedeuse por parte do órgano de contratación a clasificar as ofertas así como requirir a oferta economicamente máis vantaxosa para que no prazo de dez días hábiles presente determinada documentación, trámite cumprido pola empresa a que se lle adxudica o contrato mencionado na parte dispositiva desta resolución. O cumprimento deste requirimento, determina de conformidade co artigo 151.3 do



TRLCSF, que órgano de contratación deba adjudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes ao da recepción da devantida documentación. A adjudicación prodúcese coa presente resolución.

Segundo.- O artigo 151.4 do TRLCSF determina que a adjudicación debe ser motivada, contendo a información necesaria que permita ao licitador excluído ou candidato descartado interpoñer, un recurso suficientemente fundado. A motivación da adjudicación basease en todos os acordos do órgano encargado da apertura de documentación e proposta de adjudicación do contrato de obras que se menciona na parte dispositiva deste acordo así como os informes, que no seu caso se emitiron, e de conformidade con estes acordos e informes e polas motivacións expostas nos mesmos, e que se asumen na presente resolución de adjudicación, así como do cumprimento por parte da entidade á que se lle efectuou o requirimento para que presentase a documentación determinada no artigo 151.2 do TRLCSF, procede a adjudicación do contrato que se menciona posteriormente.

Terceiro.- De conformidade co apartado terceiro da disposición adicional segunda do TRLCSF, o órgano de contratación é a Xunta de Goberno Local e a este órgano é ao que lle corresponde a adjudicación do contrato segundo dispón o artigo 151.3 do TRLCSF. Non obstante, a competencia para adjudicar os contratos esta delegada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 13 de xuño de 2015 no concelleiro de contratación e facenda.

Cuarto.- De conformidade co artigo 156 do TRLCSF, a formalización do contrato debe realizarse, no máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel en que se reciba a notificación da adjudicación aos licitadores e candidatos na forma prevista no artigo 151 do TRLCSF.

A vista do exposto, por delegación da Xunta de Goberno Local efectuada na sesión do día 13 de xuño de 2015, **RESOLVO**:

Primeiro.-Declarar válido o seguinte procedemento negociado relativo ao contrato de obras "MELLORA DA MOBILIDADE E ACCESIBILIDADE EN A PIOLLA.LEREZ".

Segundo.-Aceptar e asumir todos os acordos do órgano encargado da apertura de documentación e proposta de adjudicación do contrato de obras que se menciona no apartado anterior así como os informes, que no seu caso se emitiron, e de conformidade con estes acordos e informes e polas motivacións expostas nos mesmos, adjudicar o contrato de obras mencionado no apartado anterior a entidade que de seguido se relaciona toda vez que cumpriu co requirimento efectuado polo órgano de contratación de conformidade co artigo 151.2 do TRLCSF, con plena suxección ao proxecto e prego de cláusulas administrativas particulares que rexen o contrato e a oferta formulada polo adjudicatario, dentro de cuxa oferta destacan os seguintes apartados:

EMPRESA ADXUDICATARIA	PREZO DE ADXUDICACIÓN QUE OFERTA DE FORMA DEFINITIVA	INCREMENTO DO ESPESOR DA CAPA MBC QUE OFERTA DE FORMA DEFINITIVA	FORMACIÓN DE 1 LOMBO REDUCTOR DE VELOCIDADE
CONSTRUCCIONES E.C. CASAS S.L.	177.651,15 € IVE INCLUIDO	1 CM	SI



CONCELLO DE
PONTEVEDRA

Terceiro.-Requirir á adxudicataria para que proceda a formalización do presente contrato dentro dos quince días hábiles seguintes en que recibe a notificación da presente resolución de adxudicación.


Cuarto.- Publicar a presente resolución no perfil do contratante do Concello.

Quinto.-Unha vez que se formalice o contrato, publicar anuncio de formalización do contrato no perfil do contratante do Concello.

Sexto.-Dar traslado da presente resolución a entidade adxudicataria, aos licitadores así como a Intervención Municipal. A notificación acompañarase coas actas das reunións do órgano encargado da apertura de documentación e proposta de adxudicación así como dos informes técnicos que no seu caso obren no expediente para a valoración das ofertas, que serven de fundamento para a presente resolución de adxudicación.

Pontevedra, 15 de decembro de 2015

Concelleiro responsable da Área



Raimundo González Carballo



O Secretario Xeral da A.M.

Jose Carlos Castiñeira Piñeiro

